



XUNTA DE GALICIA

MEMORIA
SEMINARIO
O2406055.
(PFPP-O2431036)



P.F.P.P.

Plan de
Formación
Permanente do
Porfesorado

CURSO 2024/2025



CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

ÍNDICE

1. Características do contexto no que se desenvolveu o seminario.
2. Variacións introducidas respecto do proxecto inicial
3. Consecución dos obxectivos
 - a. Obxectivos propostos
 - b. Obxectivos acadados
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas
 - a. Contidos desenvolvidos
 - b. Actividades realizadas
5. Metodoloxía
6. Organización dos recursos humanos e materiais.
7. Temporalización
8. Criterios e procesos de avaliación empregados
 - a. Avaliación conxunta.
 - b. Avaliación individualizada.
9. Conclusións logros e incidencias no centro.
10. Relación detallada de materiais didácticos e documentos que se entregan

1. CARACTERÍSTICAS NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMANARIO.

No curso académico 2024/2025, no CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro, a maioría do profesorado do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro realizou este Seminario de Traballo, porque seguimos crendo que é unha ferramenta de moito valor para a introdución das TACs no noso centro, e darlle continuidade e publicidade ao traballo desenvolvido nos últimos cursos desde o Equipo de Biblioteca, o Equipo TIC e o EDL do colexio. O título do mesmo é ***"Tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento, currículo e recursos web para unha biblioteca creativa"***.

Participamos no Seminario de Traballo un total de 17 mestres e mestras do Claustro. Dous mestres estiveron de baixa varios meses por enfermidade, polo que rematamos 15 persoas.

As reunións celebráronse no CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro de Ourense, seguindo a temporalización proposta no proxecto inicial en horario de tarde.

De xeito habitual, en todas as reunións traballábamos sobre a orde do día prevista e, ao rematar, propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión. A realización da maioría das actividades tivo unha duración superior a reflectida nas sesións de traballo do Seminario.

Os materiais, traballos e actividades realizadas no Seminario, leváronse á práctica co alumnado, co profesorado ou coa comunidade educativa do noso centro, dependendo de para quen foran deseñadas.

Todo o proxecto de formación xirou sobre a utilización das TACs e ao emprego dos principios básicos do deseño universal de aprendizaxe (DUA), desde os servizos ofrecidos pola plataforma de webs dinámicas, na aula e no centro, e da súa inclusión no proceso de aprendizaxe do alumnado. Hai que destacar o gran interese que esta temática segue causando no profesorado, no noso grupo tamén, o que fixo que volvese a ser moi doado pór en práctica todas aquelas propostas que foron xurdindo ao longo do curso.

2. VARIACIÓNS INTRODUCIDAS CON RESPECTO DO PROXECTO INICIAL.

Non houbo variacións introducidas respecto ao proxecto inicial, cumprindo a temporalización establecida, decidindo implementar todo o traballo previsto no proxecto inicial baixo os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).

3. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.

Decidimos continuar dinamizando a Web, Aula Virtual e Blogs do centro coa intención de recoller e plasmar nel moitas das actividades TACs que realizamos co noso alumnado nos diferentes proxectos en que estamos inmersos baixo os principios do DUA. Son actividades que perseguen integrar o uso das TICs no currículo, na biblioteca e na vida diaria do centro. Actividades, todas elas, que poden ser aplicadas en calquera outro centro educativo.

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para darlle continuidade a este proxecto de formación no vindeiro curso.

3.1. Finalidade

- Coñecer e familiarizarse co uso de ferramentas en liña ao servizo da biblioteca.
- Elaborar propostas TIC concretas que incidan na mellora do funcionamento da biblioteca e do currículo.
- Adquirir unha formación teórica e práctica para saber realizar actividades e recursos TIC de aplicación no aula e biblioteca.

TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

3.2. Obxectivos

- Revisar e analizar aspectos do uso e funcionamento das TAC que precisen ser mellorados.
- Elaborar propostas TAC concretas que incidan na mellora do funcionamento da biblioteca e do currículo.
- Coñecer e familiarizarse co uso da web do centro en Drupal.
- Manter e actualizar os blogs do centro.
- Coñecer e familiarizarse co uso da aula virtual do centro en Moodle.
- Adquirir unha formación teórica e práctica para saber realizar actividades e recursos TAC de aplicación no aula.
- Adquirir estratexias necesarias para a elaboración de recursos de investigación educativa.
- Propiciar un momento e lugar de encontro para o intercambio de experiencias TAC que repercutan na mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Coñecer diferentes ferramentas, utilidades e programas que poidan ser de utilidade na aula: Ferramentas de Google e da web 2.0.
- Crear recursos didácticos, sexan ou non interactivos, para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Empregar diferentes ferramentas de autor: EXE Learning, LIM...

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

- Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o potencial das ferramentas en liña no currículo e biblioteca do centro, non só foron acadadas, senón que foron superadas con creces.

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

- Precísase dedicarlle máis tempo ao traballo con ferramentas como genially.

4. CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLTAS.

4.1 Contidos

- Implicación da tecnoloxía na educación. Modos de integración curricular.
- Dinamización da web dinámica do centro. Drupal, Moodle e Coppermine.
- Ferramentas e utilidades en liña na web.
- Principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA)

4.2 Actividades

• Una vez máis pomos de manifesto que se se revisa a nosa web, aula virtual e blogs educativos, observarase que as actividades realizadas ao longo do curso, en referencia ao traballado neste Seminario, son moitas máis das que imos reflectir nesta memoria.

• A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Seminario, e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábamos prioritarios dinamizar o centro a través do proxecto de webs dinámicas.

• Recibimos información sobre os principios do ABP. Practicamos e analizamos cos distintos elementos que integran o proxecto de webs dinámicas coa axuda dos tutoriais que están accesibles desde a nosa aula virtual e que foron realizados ou compilados polo coordinador do Seminario.

• Realizamos múltiples actividades para dinamizar a web do noso centro, así como a nosa aula virtual e os dos blogs que en funcionamento no cole. Este foi o obxectivo principal que nos propuxemos ao comezar este Seminario. En total, entre "libros de contidos", "páxinas web" e "historias"... realizamos **máis de 200 entradas** entre o Blog de Biblioteca e a Web do centro.

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055

TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS

WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/>

• Adquirimos e perfeccionamos os coñecementos necesarios para empregar o espazo Drupal que dispón o centro coa axuda da coordinadora. Traballamos e experimentamos con varios tutoriais sobre a **creación de contidos**. Asemade, tamén reformamos e actualizamos constantemente o espazo web do centro coa creación de numerosos contidos, nos que hai que destacar os seguintes **libros electrónicos** (entre outros) que utilizamos para traballar a educación documental desde a biblioteca e o EDL do centro:


- [Libro sobre mulleres galegas](#)
- [Libro sobre "Encontros con autores na biblioteca"](#).
- [Actualización do libro das Letras Galegas.](#)
- [Recopilación de Lendas populares.](#)
- [Libro recopilatorio da nosa poesía.](#)

TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- Actualizamos [os libros existentes sobre recursos educativos](#) que elaboramos en cursos pasados.
- Creamos e actualizamos **cursos** na aula virtual do cole para as diferentes áreas impartidas en todos os niveis impartidos.

Demos de alta na aula virtual a todos os membros da comunidade educativa. Accédese desde aquí:



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/>

TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- Para poder xestionar todo o traballo que iamos realizando no Seminario, utilizamos a **aula virtual** do noso centro. Creamos un curso onde colgamos todos os materiais utilizados e realizados no mesmo. O curso está dispoñible na web para quen queira visitalo, xa que se pode acceder a todos os contidos como convidado. O papel xogado por este curso en moodle foi moi importante no desenvolvemento do proxecto, xa que permitiu e favoreceu a coordinación de todos os membros do grupo, ao ofrecer un lugar onde atopar todo o que se ía facendo nas sesións de traballo ou na casa individualmente.

Seminario: Tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento, currículo e recursos web para unha biblioteca creativa. (O2406055)[Curso](#) [Axustes](#) [Participantes](#) [Cualificacións](#) [Informes](#) [Máis ▼](#)

▼ Xeral

[Contraer todo](#)

PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
2024/2025



Neste curso reflectimos todo o traballo realizado ao longo do curso 2024/2025 en relación ao Seminario de formación titulado "**O2406055 Tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento, currículo e recursos web para unha biblioteca creativa**" que estamos a desenvolver dentro do **PFPP** do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=197>

TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- Cursos creados:
 - [Cursos organizados por niveis e áreas.](#)
 - [Vídeos didácticos.](#)
 - [Seminario. Avanzando en prol da ubicuidade.](#)
 - [Seminario. Metodoloxías diversas para unha comunicación inclusiva.](#)
 - [Seminario. Creando cos Polos Creativos.](#)
 - [Seminario. Tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento, currículo e recursos web para unha biblioteca creativa.](#)

- Outros cursos actualizados en moodle neste Seminario:
 - [Curso de formación en moodle: Iniciación](#)
 - [Banco de recursos de AL](#)
 - [Banco de recursos para 1º de Ed. Primaria](#)
 - [Banco de recursos para 2º de Ed. Primaria](#)
 - [Banco de recursos para 3º de Ed. Primaria](#)
 - [Banco de recursos para 4º de Ed. Primaria](#)
 - [Banco de recursos para 5º de Ed. Primaria](#)
 - [Banco de recursos para 6º de Ed. Primaria](#)
 - [Recursos interactivos para Ed. Infantil.](#)
 - [Curso recopilatorio das nosas creacións educativas.](#)
 - Asemade actualizamos os xa existentes de:
 - Curso "[Drupal como recurso educativo](#)"
 - Curso "[Aula virtual do centro: emprego didáctico](#)".
 - Curso "[Recursos TIC para a biblioteca](#)".

TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

• **Mantemento do blog para a biblioteca en Drupal:** A vantaxe de crear un blog en Drupal reside no aforro de tempo que nos permite ao querer publicar novas na web do centro e no blog a mesmo tempo. Asemade, ao estar dentro do espazo corporativo da Xunta os contidos nel publicados teñen unha seguridade xurídica que non posúen en servizos de blog privados. Para elaboralo seguimos os titoriais que Pablo Nimo ten colgados en Redeiras. O resultado pódese ver na seguinte ligazón:



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sueiro/blogdebiblioteca>

• **Ferramentas de Google:** Seguimos experimentando con diversas utilidades da web 2.0 e sobre as posibilidades e potencialidades que nos ofrecen para utilizar no aula: **Google drive, docs, presentacións e maps:**

• **Google Drive.** Mantemos un espazo en drive para ter unha copia online dos documentos que usamos no colexio e nas aulas..

• En **Google maps** actualizamos o mapa coa localización do noso centro e a súa área de influencia.

- [Localización do nosa cole en Google Maps](#)
- [Área influencia do CEIP Manuel Sueiro](#)


MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- **Youtube.** Continuamos mantendo o repositorio de vídeos que realizamos no centro nesta ferramenta de Google. Este curso levamos realizado máis de 40 curtas.

<https://www.youtube.com/channel/UCbHoS9kfj--ZIV0i04h3kYw/videos>

- **Google Fotos:** Grazas a esta ferramenta creamos unha galería fotográfica na que de xeito doado imos colocando as imaxes das actividades que realizamos ao longo do curso. Levamos realizado máis de cen álbums no que vai de curso.



<https://photos.google.com/u/2/albums>

- **AbalarBox.** Mantemos un espazo en AbalarBox para ter unha copia online dos documentos que usamos no colexio relacionados coas enquisas e formularios creados no centro.

https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/login?redirect_url=/index.php/apps/files/

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- Para manter a nosa web e blogs empregamos outras ferramentas da **Web 2.0**:
 - **Photo editor Pixlr**. Edición de imaxes en liña. Con esta ferramenta editamos a maioría das imaxes que empregamos na web e blogs.
 - **Collage Fotos**. Empregamos esta ferramenta para facer os collages que ilustran as entradas da nosa web e blogs.
 - **Calaméo**. A esta aplicación subimos algúns dos documentos que empregamos na aula e na web.

<https://es.calameo.com/accounts/4236973>
 - **Soundcloud**. Neste espazo web colgamos os arquivos sonoros que realizamos para traballar na Hora de ler.

<https://soundcloud.com/ceip-manuel-sueiro>
<https://soundcloud.com/director-ceip-plurilinguee-manuel-sueiro>
 - **Animoto**. Programa de edición de vídeos moi sinxela de empregar.
<https://www.youtube.com/watch?v=pmGLj-4Kj1M>
- **Google presentacións**: realizamos varias presentacións para traballar co alumnado na aula.
 - [O triángulo máxico do Entroido](#)
 - [Rosalía de Castro](#)
 - [Día da Muller](#)
 - [Monas de Pascua](#)
 - [Día do Libro](#)

- **Presentacións en Genially**

- [Proxecto educativo do noso centro URL](#)
- [Concrecións curriculares do noso centro. URL](#)
- [Protocolo da biblioteca](#)
- [Formación de usuarios da biblioteca](#)
- [Mapa mental de DUA](#)

✓ **Ferramentas de autor:** Realizamos as seguintes actividades:

- **Kahoot!**

[A miña amiga invisible _castellano](#)

[A miña amiga invisible _galego](#)

[A nena do vestido de flores _galego](#)

[A Señorita Bubble: Deus salve as
raíñas Galego](#)

[A Señorita Bubble: Deus salve as
raíñas _castelán](#)

[Cámbiache o conto](#)

[Clorinda Marween: unha bruxa
inventora _castellano](#)

[Clorinda Marween: unha bruxa
inventora _galego](#)

[Delfines amigos _castellano](#)

[Delfines amigos _galego](#)

[Desde o corazón da
mazá _castellano](#)

[Desde o corazón da mazá _galego](#)

[Día da Paz](#)

[El lobo ramón _galego](#)

[El tesoro más precioso del
mundo _castellano](#)

[El tesoro mas precioso del
mundo _galego](#)

[Estrela... fugaz _castellano](#)

[Estrela... fugaz _galego](#)

[Eu tamén fun pequena _castellano](#)

[Eu tamén fun pequena _galego](#)

[La canción de los Sin
Nombre _castellano](#)

[La canción de los Sin
Nombre _galego](#)

[La foto de los 10.000 me
gusta _castellano](#)

[La foto de los 10.000 me
gusta _galego](#)


[La niña del vestido de
flores _castellano](#)

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

Los hombres no pegan _castellano	O destino de Kameko _galego
Los hombres no pegan _galego	Querido hijo estamos en huelga _castellano
Mi nombre es Skywalker _galego	Querido hijo estamos en huelga _galego
Mi primer principito	Wombo Combo _castellano
Milú e o edificio das persoas extraordinarias _Galego	Wombo Combo _galego
Milú y el edificio de las personas extraordinarias _castellano	Xela aventura na fraga _castellano
Nadie me entiende _Castellano	Xela aventura na fraga _galego
Ningún me entende _Galego	Xela, unha superheroína de aldea
O destino de Kameko _castelán	

- ✓ **Outras actividades TIC** que se desenvolveron ao longo do curso foron as seguintes
- Utilización do **programa Meiga** para a xestión da biblioteca.



<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=OEC015>

- **Elaboramos máis de 30 curtas en vídeo, das que destacamos:**
 - [Canal de vídeo en Youtube URL](#)
 - [Canal de Vídeo de Youtube.](#)
 - [Aula virtual. Vídeos didácticos](#)
 - Formación profesorado en polos creativos
 - Tecla a tecla en 1º de educación primaria
 - Foguetes no Sueiro

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- entroido
 - 8 de marzo. Día internacional da muller
 - Aqualoxía
 - Teatro na horta escolar
 - Club lectura 1º EP. Xela Superheroína de aldea
 - Visita aos bombeiros e protección civil en Ourense
 - Realidade aumentada. Bolboretas
 - Tecla a tecla. Creando pianos.
 - Día internacional da poesía e do teatro
 - A vida dunha margarida
 - A forza e o movemento
 - Ourencanto
 - Polos creativos. Creando panderetas
-
- **Actividades de educación documental:** Repasamos o curso de **como realizar unha webquest** creado polo coordinador/relator do seminario.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=20>

d=20


- ✓ **Actualizamos os repositorios de recursos educativos:**

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- [Repositorio na web do centro de programas de utilidade na web 2.0](#)
- [Repositorio sobre imaxes de dominio público ou licenza BY SA](#)

Para finalizar realizamos a avaliación do funcionamento do grupo de traballo e elaboramos a Memoria final.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=197>

5. METODOLOXÍA.

- Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.
- As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias de todos os membros do grupo.

- Combinamos as sesións destinadas ao estudo e análise dos materiais ofrecidos na Aula Virtual, xunto con sesións prácticas para a experimentación coas ferramentas web traballadas.

6. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS.

6.1 Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- Tamén foi necesario o asesoramento dos membros do CFR. responsables do noso centro.

6.2 Materiais:

Foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e cañón proxector.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos, cds, dvds... para por en práctica as sesións e actividades programadas co alumnado.
- Cadernos e carpetas.
- Plastificadora, cámara de fotos, escaner...

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

7. TEMPORALIZACIÓN.

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
20/11/2024	Estudo e reflexión do proxecto	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
21/11/2024	Afondado en Drupal	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
10/12/2024	Os Blogs do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
21/01/2025	Traballando con ABP	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
28/01/2025	Traballando con ABP	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
17/02/2025	Traballando con ABP	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
24/02/2025	Aula virtual do centro ao servizo da aprendizaxe	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
07/04/2025	Dinamizando a web, os blogs do centro (Traballo individual).	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
08/04/2025	Dinamizando a web, os blogs do centro (Traballo individual).	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
06/05/2025	Avaliación, memoria e dossier na AV do centro.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

8. PROCESOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS.

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1 Avaliación conxunta.

Unha vez compilados e clasificados os materiais deste proxecto, fixemos a valoración do funcionamento e organización do mesmo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre as compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.

- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, na creación de novas e contidos para a web, na dinamización dos blogs da biblioteca e benetsra emocional; en todas elas dedicamos moito máis tempo do reflectido nas actas de reunión. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto inicial.

- **O nivel de satisfacción** en relación as estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando a coordinación e funcionamento no emprego de TAC no centro e na biblioteca a través do emprego do proxecto de webs dinámicas, entendemos que cubriu amplamente as nosas expectativas iniciais.

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

8.1. Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. Resultados:

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO
Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2)/ SUFICIENTE (3 / BASTANTE (4) / MOITO (5)

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL: repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

**TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025**

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo, gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

**TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025**

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA resultou

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

ORGANIZACIÓN

Debería mellorarse:
Ampliar a formación práctica sobre o emprego de Genially
O que estivo ben foi:
• Os contidos traballados. • A coordinación entre os membros do Seminario. • A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

9. CONCLUSIÓN. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, un ano máis só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa en consonancia coas demandas desde a Consellería para o desenvolvemento do ensino virtual.

Entendemos que a dinamización da web e do aula virtual desde unha perspectiva dos principios metodolóxicos do deseño universal de aprendizaxe, así como o mantemento dos blog de biblioteca e benestar emocional xogan un papel importante na mellora do emprego das TACs no proceso de ensino e aprendizaxe e no protagonismo que adquire a nosa biblioteca no funcionamento do centro repercutindo de maneira importante na calidade educativa que estamos a ofrecer. Os docentes debemos seguir adquirindo confianza e dominio co traballo coas TIC para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a usar as TAC para aprender.

O alumnado prefire traballar de forma interactiva, creativa e colaborativa tanto no aula como no domicilio, de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á súa colaboración no mantemento do blog da biblioteca, onde o alumnado da aula de apoio participou como creador de novas no blog.

É moi importante que a produción de calquera recurso sexa contrastada no aula e sexa accesible para todo o mundo e desde calquera lugar, de aí que se faga necesario o colocar todos os recursos no espazo web do centro ou na súa aula virtual.

Asemade, a integración das TIC no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres xa experimentados.

Vémonos na obriga de difundir todas as nosas experiencias a través do aula virtual para favorecer que estas boas prácticas axuden á creación de redes docentes que difundan as súas experiencias.

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

Vistos os resultados acadados, para o próximo curso continuaremos dando forma a este proxecto dentro do PFPP do centro, porque a pesar de que melloramos a dinamización do emprego das TICs no centro, agora, debemos ir máis alá e facer que se integren en todo o proceso educativo do noso centro.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro docente do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.


10. RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVÍAN.

Material en soporte informático

MEMORIA SEMINARIO DE TRABAJO O-2406055
TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO, CURRÍCULO E RECURSOS
WEB PARA UNHA BIBLIOTECA CREATIVA. 2024-2025

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Seminario.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=197>

Ourense, a 10 de maio de 2025

A Coordinadora.

Asdo: María Inmaculada Lorenzo Cancio.

